

## **SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 24 DE XUÑO DE 2.011**

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e vinte minutos do día 24 de xuño de dous mil once, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Pardo Lombao, José Yebra Amorín, D. Antonio López Pérez, D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao, D. Serafin Vázquez Arias, D. Jesús Fernández García, Dona María Begoña Seco Varela, Dona María José Martínez Vigo, D. Miguel Ángel López Varela, D. José Manuel Carral Méndez e D. Arcadio Lombao Román, asistidos polo Secretario Titular, D. José María Vázquez Pita, co obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- DACIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS**

O sr. Alcalde dá conta da constitución dos grupos políticos municipais do Partido Popular; PSdG-PSOE e Bloque Nacionalista Galego.

### **2.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO DA CORPORACIÓN**

O sr. Alcalde expón o contido da seguinte proposta da Alcaldía sobor a periodicidade das sesións:

#### *“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBOR A PERIODICIDADE DE SESIÓNS*

*Co obxecto de dar cumprimento ó disposto no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e 210 da Lei 5/I.997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Alcaldía propón ó Pleno Corporativo a adopción do correspondente acordo no senso de que as sesións ordinarias do mesmo teñan lugar con carácter forzoso os derradeiros venres de cada mes par, ás trece horas. No caso de que resultase festivo, que a sesión teña lugar o día hábil inmediato anterior.*

*De haberse acordado a creación da Xunta de Goberno, a Alcaldía propón que as súas sesións ordinarias sexan celebradas os primeiros e terceiros venres do mes, ás trece horas. Si algún deles resultase festivo, que a sesión teña lugar o día hábil inmediato anterior.*

*Nembargantes, o Pleno acordará o procedente”.*

O voceiro do PSdG-PSOE propón que as sesións sexan o sábado, xa que o venres á unha do mediodía é unha mala hora, xa que ninguén que traballe pode asistir.

O sr. Alcalde resposta que as sesións plenarias débense celebrar cando o persoal e servicios municipais estean dispoñibles por si xurde algunha cuestión ou é preciso aportar documentación ou información. Por outra banda, xa dende fai tempo –e seguirá facéndose durante esta lexislatura- grávase as sesións e cólganse na páxina web municipal para que calquer persoa as poida ver dende a súa casa e a calquer hora, polo que propón manter a proposta.

Sométese a votación a proposta transcrita.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con nove votos a favor e dúas abstencións, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE.

### **3.- CREACIÓN E COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO**

O sr. Alcalde expón a seguinte proposta:

#### *“PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CREACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

*José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercizo das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, e de conformidade co disposto no artigo 20.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, propoño ao Pleno da Corporación Municipal:*

*A creación da Xunta de Goberno Local, integrada por un Presidente (o da Corporación Municipal), e tres vocais, nomeados libremente polo Alcalde de entre os concelleiros que teñan a condición de Tenentes de Alcalde.*

*A competencia propia da Xunta de Goberno Local é a de asesoramento ao Alcalde da Corporación.*

*Asemesmo, exercerá as competencias que lle deleguen o Pleno da Corporación e o Alcalde da mesma”.*

Trala cal informa que, se ben este concello non ten formalmente máis de 5000 habitantes e, polo tanto, non sería necesaria a creación da Xunta de Goberno, por razóns de operatividade considera convinte creala.

O sr. Varela comparte a conveniencia de crear a Xunta de Goberno, se ben considera que o que non se pode facer é delegarlle a práctica totalidade das competencias plenarias, xa que se están a deixar os plenos vacíos de contido.

Por outra parte, sinala que tamén sería convinte crear –como é obrigatorio nos concellos de máis de 5000 habitantes- Comisións de estudo e informe dos asuntos de competencia plenaria.

O sr. Alcalde recorda que non se está a debater neste punto da orde do día a delegación de competencias plenarias, senón a creación da Xunta de Goberno, polo que debemos cinxir o debate e votación a este punto.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de creación da Xunta de Goberno Local.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor e tres abstencións, pertencentes aos membros dos grupos municipais do PSdG-PSOE e BNG.

#### **4.- CREACIÓN E COMPOSICIÓN DE COMISIÓNS PERMANENTES**

O sr. Alcalde expón a seguinte proposta:

##### *PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CREACIÓN E COMPOSICIÓN DE COMISIÓNS DO PLENO*

*José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercizo das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, propoño ao Pleno da Corporación Municipal a creación das seguintes comisións:*

*A Comisión especial de contas, ao amparo do disposto no artigo 20.1.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, coa seguinte composición e competencias:*

*A Comisión Especial de Contas, integrada por un Presidente (o da Corporación Municipal), e cinco vocais: tres pertencentes ao Grupo Municipal do Partido Popular, un pertencente ao Grupo Municipal do PSdG-PSOE e outro pertencente ao Grupo Municipal do BNG.*

*As competencias propias da Comisión Especial de Contas serán as atribuídas por norma con rango de lei.*

*A Comisión de deslinde co termo municipal de Lugo, ao amparo dos artigos 40 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, coa seguinte composición e competencias:*

*A Comisión de deslinde estará integrada por un Presidente; Don José Pardo Lombao, e tres vocais; Dona Pilar Méndez Lombao, Don José Yebra Amorín, e Don Arcadio Lombao Román.*

*As competencias propias da Comisión de deslinde serán as propias da tramitación do procedemento de deslinde co termo municipal de Lugo”.*

Explica o sr Alcalde que a comisión especial de contas é unha comisión de existencia necesaria e que a composición da comisión de deslinde debe actualizarse debido a que o expediente non rematou ante a falla de acordo co Concello de Lugo, e a súa composición mantense sustancialmente igual que na lexislatura anterior e xustifícase en que os membros propostos residen nas zoas afectadas polo deslinde.

O voceiro do PSdG-PSOE mostra a súa conformidade no relativo á comisión especial de contas e a súa disconformidade coa composición de deslinde, xa que, como

grupo maioritario da oposición, deberían estar representados na mesma de xeito indiscutible.

O voceiro do BNG manifesta que o seu grupo debería estar representado na comisión de deslinde, así como a súa convicción de que debería crearse unha comisión de urbanismo, á vista de cómo funciona e cómo funcionou o urbanismo nos últimos anos.

O sr. Alcalde resposta que pódese crear unha comisión de urbanismo ao igual que de calquer outro área ou materia, se ben a cree innecesaria, xa que quen es deben traballar principalmente no urbanismo son os técnicos.

Por outra banda, o urbanismo neste concello funciona axeitadamente, tal e como demostra o feito de que é este concello o que máis medrou, se desenvolveu e creou solo industrial nos últimos anos e de xeito impecable. E como contrapunto podemos mirar para algún concello cercano gobernado por PSOE e BNG e que teñen gravísimos problemas xudiciais.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta transcrita.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor e tres abstencións, pertencentes aos membros dos grupos municipais do PSdG-PSOE e BNG.

## **5.- DELEGACIÓNS DO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

O sr. Alcalde inicia este punto da orde do día coa exposición da seguinte proposta:

### *“PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO DA CORPORACIÓN*

*De acordo co disposto no Artigo 22 da Lei 7/85, de 18 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Alcalde propón ó Pleno da Coporación a delegación na Xunta de Goberno Local, das seguintes competencias plenarias:*

- A concertación das operacións de crédito e tesourería.*
- As contratacións e concesións de toda clase de competencia plenaria.*
- A aprobación dos proxectos de obras e servicios cuando sexa competente para a súa contratación ou concesión.*
- As enaxenacións patrimoniais cuando o seu valor supere o 10 % dos recursos ordinarios do orzamento e as las permutas de bens inmobles.*
- A aprobación e modificación de prezos públicos.*
- O exercizo das competencias plenarias en materia de expropiación forzosa.*
- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.*

*- A declaración de lesividade dos actos do Concello”.*

Xustifica a conveniencia da delegación proposta na necesidade de dipor de unha Xunta de Goberno operativa e suficientemente dotada de competencias, que permita unha xestión áxil das responsabilidades municipais.

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE opónse a proposta dado que limita considerablemente a participación dos restantes grupos políticos na vida municipal, eliminando a posibilidade de debate e participación democrática nas materias delegadas e deixando valeiro de contido ao Pleno da Corporación.

Asemade, pide que nesta lexislatura se dé conta periódicamente das actas da Xunta de Goberno Local, tal e como esixe a lexislación de réxime local, e que non se ven facendo.

O voceiro do grupo municipal do BNG exprésase en termos semellantes, oponéndose á delegación proposta en tanto impide a participación política dos restantes grupos municipais na xestión municipal.

O sr. Alcalde infórmales que a proposta debatida non é senon a aplicación da lexislación básica local que, curiosamente, aprobou un Goberno socialista, e que convertiu o goberno local nun goberno claramente presidencialista.

Agora ben, non lle sorprende esta total falta de coherencia do PSOE e o BNG entre o que dín e o que fan, xa que non só aprobaron a lei que permite esta delegación, senón que onde gobernan fan o contrario de que o que predicán, aplicando con todo rigor o réxime de delegacións que aquí repudian.

Por outra banda, recorda que esta proposta é practicamente idéntica a das lexislaturas anteriores, cuxo fruto foi abrumadoramente refrendado polos veciños. E os veciños encomendaron a este equipo de goberno a xestión municipal e isto é o que se vai facer, polo que se mantén a proposta debatida.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta transcrita.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular, e tres votos en contra, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do PSdG-PSOE e BNG.

## **6.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO CONCELLO EN ÓRGANOS COLEXIADOS**

O sr. Alcalde dá conta da seguinte proposta:

*“PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO CONCELLO EN  
DIVERSOS ÓRGANOS COLEXIADOS*

*José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercizo das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, propoño ao Pleno da Corporación Municipal os seguintes nomeamentos:*

*Mancomunidade de municipios da Terra Chá: José Pardo Lombao e Serafín Vázquez Arias.*

*Consello escolar: José Pardo Lombao.*

*Asociación Terras do Miño: José Pardo Lombao*

*Asociación Terras de Lugo: José Pardo Lombao”*

O sr. Varela fai notar que ningún de estos representates pertence ao grupos da oposición, e que a designación non se negociou nin falou cos concelleiros da oposición, o que é contrario a unha demacracia participativa.

O sr. Arcadio ratifica as palabras do voceiro do PSdG, e engade que a representación corresponde practicamente na súa totalidade ao sr. Alcalde, sen que os restantes concelleiros teñan practicamente presenza.

O sr. Alcalde resposta que, como é lóxico, os representantes do Concello noutros órganos teñen como misión expresar e representar neses órganos a política que sigue ou vai seguir o Concello, o que non ten sentido é que se defendan en nome do Concello políticas que o Concello non vai seguir. Por iso é de sentido común que a representación do Concello corresponda a membros integrantes do equipo de Goberno.

En caso contrario, de representar ao Concello perante a Mancomunidade un membro da oposición, sucedería que adoptaría iniciativas contrarias ao goberno que elixiron os veciños ou que estarían descoordinadas coa acción municipal.

E se a iso lle engadimos a escasa representación política da oposición no Pleno, a solución non pode ser outra que a que aquí se trae, e que non é outra que gobernar onde os veciños encomendaron o goberno.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta transcrita.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular, e tres abstencións, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do PSdG-PSOE e BNG.

## **7.- ASISTENCIAS, INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DE SERVIZO E DEDICACIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN**

O sr. Alcalde expón a seguinte:

*PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO PP RELATIVO AS INDEMNIZACIÓNS  
POR RAZÓN DE SERVIZO DOS CONCELLEIROS MUNICIPAIS*

*O Grupo firmante propón ó Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:*

*Primeiro.- Manter a indemnización por asistencias a sesións plenarias, fixándoas en 200 euros/sesión e fixando as asistencias as Xuntas de Goberno, Comisións informativas e demais Órganos Colexiados en 80 euros.*

*Segundo.- Fixar as dietas oficiais da seguinte forma:*

<i>-Dieta completa (pernoctando fora do domicilio)</i>	<i>150,00 euros.</i>
<i>-Media dieta (xestións fora do municipio)</i>	<i>100,00 euros, salvo para os concelleiros que ostenten dedicación parcial ou exclusiva, que será de 50 euros.</i>
<i>-Indemnizacións por servizos prestados dentro do termo municipal: (Módulo de estimación obxetiva de gastos efectivos):</i>	<i>50,00 euros</i>
<i>-Kilometraxe oficial</i>	<i>0,30 euros / Km.</i>

*Terceiro.-*

- a) Asinar dedicación parcial á Alcaldía-Presidencia.*
- b) Fixar a contía da dedicación acordada na cantidade de 2.350, euros netos mensuais, 14 pagas anuais, con efectividade do día de toma de posesión do cargo de Alcalde”.*

Logo da súa exposición, asegura que se mantén practicamente igual que na legislatura anterior e coas baixadas aprobadas a mediados do ano pasado, a pesares da forte subida do IPC. Engádese unha rebaixa do 20% na dieta con pernocta, que estaba en 180 e pasa a 150 euros.

Mantense a adicación da Alcaldía coa baixada que se aplicou o ano pasado nos mesmos termos que aos funcionarios, así coma as asistencias a Plenos, que é unha cantidade razoable.

Fai uso da palabra o sr. Arcadio, quen manifesta que xa a legislatura anterior manifestara a súa oposición as dietas tan similares ás que agora aquí se debaten. E afirma que vota de menos en esta proposta a austeridade da que tanto alardea o Partido Popular.

Tamén expresa o seu parecer de que a dedicación do Alcalde debería ser total, e non parcial e se sorprende que se faga referencia ao salario neto, e non á cantidade bruta, e cree que debe ser por maquillar a cifra.

Por último, propón que se asigne unha contía por grupo político e que rebaixa a contía por asistencias a plenos aos concelleiros.

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE tamén pregunta pola cantidade bruta do salario do Alcalde.

O sr. Alcalde exhibe a nómina correspondente ao mes de maio de 2011, na que consta a cantidade bruta de 3273 euros.

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE considera aceptables a meirande parte das dietas e indemnizacións contidas na proposta, pero mostra o seu desacordo coa dedicación do Alcalde, que debería ser total, e máxime tendo un salario bruto anual de 45.000 euros anuais, que non os cobra un concelleiro con dedicación exclusiva no Concello de Lugo ou un Deputado na Deputación Provincial.

Esta cantidade sería aceptable cunha dedicación total ou exclusiva, pero non cunha parcial.

O sr Alcalde afirma que as intervencións da oposición son exactamente iguais as da lexislatura pasada, e reconece que en temas económicos todo é discutible e relativo.

Seguro que para unha persoa no paro esta contía é moi elevada, pero afirma que un traballo ten que ter unha remuneración. E cabe distinguir entre o que costa un traballador e o que cobra, que neste caso é de mil euros ao mes, consecuencia directa da política do Goberno da Nación, que ha elevado moísimos os custes laborais dos traballadores, e pese ao cal acumulamos un déficit brutal.

No que atinxe á proposta do BNG de crear unha asignación aos grupos políticos, considera que non cree que deban subvencionarse os grupos políticos, senón que os grupos políticos deben vivir das asignacións dos seus afiliados, xa que hai moitas necesidades perentorias que atender con cargo aos recursos públicos.

Outra cousa é as indemnizacións aos concelleiros daqueles gastos non que incurren para o desempeño da súa función pública, coma ir a ver obras, ter reunións cos veciños ou con representantes de outras administracións, xa que son traballos e gastos en prol da veciñanza que deben ser indemnizados.

E no relativo á dedicación exclusiva ou parcial, o sr. Pardo entende que o Alcalde tenlle que dedicar á Alcaldía todo o tempo necesario, e se lle chaman as dúas da mañá porque hai unha emerxencia terá que levantarse e acudir.

Pero isto non significa dedicación exclusiva, xa que dedicación exclusiva significa non ter outras actividades, aínda que non se lles adique tempo, e iso conduce a ser un profesional da política. E afirma que os políticos non deberían ser profesionais da política, xa que cada catro anos os veciños deciden se quedan ou marchan, e neste caso o político debe estar preparado para voltar a unha vida normal por ben do propio concello.

E recorda que o Alcalde non pode cinxirse a horario de oficina, xa que os problemas non xurden de 9:00 a 14:30 horas, senón en calquer momento, e nese momento debe estar o Alcalde dispoñible, ben sexa pola mañá, pola tarde ou pola noite.

E sólo por este motivo a súa dedicación non é exclusiva, porque dedicarlle tódoo tempo necesario e a calquer hora, pero quere manter a súa actividade económica allea ao político para non depender economicamente da política.



Rematado o debate, sométese a votación a proposta transcrita.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con oito votos a favor, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular, e tres votos en contra, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do PSdG-PSOE e BNG.

## **8.- APROBACIÓN PROVISIONAL DO REGULAMENTO ORGÁNICO POLO QUE SE CREA A COMISIÓN DE COORDINACIÓN DO GOBERNO LOCAL**

Dase conta do contido da seguinte proposta:

### *“PROPOSTA DE REGULAMENTO ORGÁNICO DE CREACIÓN DA COMISIÓN DE COORDINACIÓN DO GOBERNO LOCAL*

*José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercizo das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, propoño ao Pleno da Corporación Municipal a aprobación provisional do seguinte proxecto de regulamento:*

#### *Artigo 1: Obxeto*

*O presente regulamento ten por obxeto a creación e regulación do órgano complementario denominado Comisión de Coordinación do Goberno Local.*

#### *Artigo 2: Funcións*

*Son funcións propias da Comisión de Coordinación do Goberno Local o debate dos asuntos relativos aos servizos ou áreas sobor as que versen as competencias delegadas en órganos unipersonales; a fixación de posturas comúns en asuntos que afecten a diversos servizos; a posta en común da información e experiencia obtida na xestión das competencias delegadas e a formulación de propostas de actos ou regulamentos para ser dirixidos aos órganos competentes.*

#### *Artigo 3: Composición*

*A Comisión de Coordinación do Goberno Local estará integrado polos concelleiros que ostenten delegacións, ben sexan xenéricas, bens especiais relativas a un determinado área ou servizo.*

*Non darán lugar a formar parte da Comisión as delegacións para asuntos determinados, coma a autorización de matrimonio.*

*Tampouco dará lugar a formar parte da Comisión o nomeamento en órganos de carácter colexiado.*

*Terá a condición de Presidente da Comisión o sr. Alcalde do Concello”.*

#### *Artigo 4: Réxime de funcionamento*

*A Comisión de Coordinación do Goberno Local celebrará sesión ordinaria o último venres de cada mes, e extraordinaria cando o estime conveniente o Presidente.*

*O réxime de funcionamento será o previsto para os órganos colexiados na lexislación básica de réxime xurídico das Administracións Públicas”.*

O sr. Alcalde propón modificar a proposta, no sentido de que as sesións ordinarias se celebren o primeiro venres de cada mes, co gallo de preparar os asuntos a xestionar durante o mesmo.

Xustifica esta proposta na circunstancia de que o extraordinario dasarrollo do Concello nos últimos anos fai necesaria a adecuación da organización municipal as novas esixencias de xestión. Destaca a necesidade de delegar certas áreas nos concelleiros do equipo de goberno coa finalidade de lograr unha maior proximidade aos veciños e unha maior eficacia. E estas delegacións, en tanto as veces converxen nunha actuación concreta, requiren unha axeitada coordinación.

A presente proposta pretende crear o marco axeitado para esta coordinación para garantir un funcionamento eficiente dos servizos municipais.

O voceiro do BNG califica de demagóxico ao Alcalde, que no punto anterior rexeita a asignación dunha contía aos grupos políticos e a creación dunha comisión de urbanismo para, acto seguido, aprobar a creación dunha comisión totalmente inútil, constituída íntegramente polos concelleiros do seu grupo político, como se non se coñeceran ou non falaran entre eles.

O voceiro do PSdG-PSOE sinala que o Alcalde fala de austeridade e, nembargantes, crea unha comisión unicamente integrada por membros do seu grupo político e cuxa única finalidade é o cobro de indemnizacións por asistencia a sesións.

Considera que calquer comisión debería recoller o sentir da cidadanía, e isto esixiría a representación dos grupos da oposición. Unha comisión integrada unicamente polos membros do equipo de goberno lles parece inaudito.

O sr. Alcalde reitera que tanto o PSdG-PSOE coma o BNG piden o contrario do que fan, e basta votar unha ollada á Deputación de Lugo, onde o grupo con maior número de deputados está na oposición e os dous grupos restantes, un con once e outro con dous deputados, teñen a Presidencia, Vicepresidencia e tódas as Delegacións. Ou no Concello de Lugo, que con menos votos e concelleiros, o PSOE goberna co apoio do BNG. E agora se botan as mans na cabeza cando o equipo de goberno, con maioría absoluta, pretende gobernar.

O que hai que facer é respetar as normas que disciplinan o goberno local e que, neste caso, foron aprobadas polo Goberno do PSOE. E a oposición non pode pretender e estar nun equipo de goberno onde se toman as decisións. O que terán que facer será cumprir a súa funcións institucional que é controlar ao equipo de goberno.

Voltando á comisión que aquí se propón, insiste en que é necesario, aquí e en toda organización, que os responsables das diferentes áreas de actividade se xunten, compartan coñecementos e problemas dos servizos e coodinen as súas accións, o que é de sentido común.

E o sentir de todos ao que fai referencia o sr. Varela está representado no Pleno da Corporación, tal e como se prevé na ley. O demais é gobernar, que é o que os cidadáns encomendaron ao Partido Popular no concello de Outeiro de Rei e o que están dispostos a cumprir.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta transcrita coa corrección relativa á periodicidade das sesións ordinarias.

Realzada a votación a proposta resulta aprobada con oito votos a favor, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do Partido Popular, e tres votos en contra, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do PSdG-PSOE e BNG.

## **9.- DACIÓN DE CONTA DOS NOMEAMENTOS DE TENENTES DE ALCALDE, MEMBROS INTEGRANTES DA XUNTA DE GOBERNO E DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA**

A instancias do sr. Alcalde, o sr. Secretario dá conta, en viva voz, dos seguintes decretos:

### *“DECRETO DA ALCALDÍA*

*D. José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, acordo:*

*Nomear como Tenentes de Alcalde deste Concello de Outeiro de Rei aos seguintes concelleiros:*

*Como primer Tenente de Alcalde, a don José Yebra Amorín.*

*Como segundo Tenente de Alcalde, a dona Pilar Méndez Lombao.*

*Como terceiro Tenente de Alcalde, a don Jesús Fernández García.*

*E para que así conste, asino o presente en Outeiro de Rei, a 20 de xuño de 2011.*

### *DECRETO DA ALCALDÍA*

*D. José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, acordo:*

*Nomear como membros integrantes da Xunta de Goberno Local aos seguintes concelleiros, na súa calidade de Tenentes de Alcalde:*

*Don José Yebra Amorín.*

*Dona Pilar Méndez Lombao.*

*Don Jesús Fernández García.*

*E para que así conste, asino o presente en Outeiro de Rei, a 20 de xuño de 2011.*

#### *DECRETO DA ALCALDÍA*

*D. José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, acordo:*

*Delegar, na Xunta de Goberno Local as seguintes competencias da Alcaldía:*

*- A disposición de créditos orzamentarios, salvo os de persoal, por contía superior aos 3000 euros, así como a concesión de axudas e subvencións nos termos fixados nas bases de execución do orzamento.*

*- A perfección e extinción de contratacións e concesións de toda clase de contía superior aos tres mil euros.*

*- A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estén previstos no orzamento.*

*- A adquisición e enaxenación de bens e dereitos que non sexan de competencia do Pleno da Corporación e sempre que o valor da operación exceda de 3000 euros.*

*- O outorgamento de autorizacións e licencias, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local.*

*- A declaración, outorgamento e revocación da condición de beneficiario dos servizos sociais do concello.*

*E para que así conste, asino o presente en Outeiro de Rei, a 20 de xuño de 2011.*

#### *DECRETO DA ALCALDÍA*

*D. José Pardo Lombao, Alcalde-Presidente do Concello de Outeiro de Rei, no exercicio das competencias que me atribúe o artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, acordo:*

*Delegar as facultades de impulso, supervisión e dirección conferidas á Alcaldía nas materias que se relacionan a continuación, nos seguintes concelleiros:*

*Mantemento de vías públicas: José Yebra Amorín.*

*Deportes: Pilar Méndez Lombao.*

*Agricultura e Gandería: Jesús Fernández García.*

*Cultura: María Begoña Seco Varela*

*Medio ambiente e turismo: Serafin Vázquez Arias.*

*Servicios Sociais e Igualdade: María José Martínez Vigo.*

*Montes: Antonio López Pérez.*

*E para que así conste, asino o presente en Outeiro de Rei, a 20 de xuño de 2011”.*

Os membros da Corporación quedan enterados.

E non habendo máis asuntos a tratar, levántase a sesión, sendo as catorce horas e trinta e cinco minutos, e da que eu, Secretario, extendo o presente acta.

O Secretario

VºBº; O Alcalde